



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
A Coruña  
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896  
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

## REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 33142 / RX 567869

Data 06/04/2017 14:35:07



### RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DA ASESORIA XURÍDICA SOBRE A SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA PRESENTADA POR D. MIGUEL ANGEL DELGADO GONZÁLEZ.

O 14 de febreiro de 2017 tivo entrada no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia, solicitude de acceso á información pública de **D. Miguel Angel Delgado González** ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e do artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, solicitude que quedou rexistrada co número **2017/337568**.

O 16 de febreiro de 2017 esta solicitude recibiuse na Asesoría Xurídica Xeral, data a partir da cal empeza a contar o prazo dun mes para a súa resolución previsto no artigo 20.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e no artigo 27.4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

#### ANTECEDENTES:

I.- O obxecto da consulta de acordo coa citada solicitude é:

*"Petición de información de derecho público sobre letrados y compatibilidades."*

Engade a solicitude na Motivación:

*"PRIMERO.- Relación completa y actualizada de quienes formen parte del cuerpo de letrados de la Xunta de Galicia y su Asesoría Jurídica, se encuentren en activo, o en excedencia, todos los que tengan concedida cualquier tipo de compatibilidad.*

*SEGUNDO:- Informe de cada compatibilidad de letrados de la Xunta de Galicia actualmente en vigor, en el que se precise la fecha en la que se concedió y actividades que se autorizan."*

Acompaña á solicitude escrito do interesado onde sinala tamén que:

*"TERCERO: Esta solicitud forma parte del proyecto de investigación de conflictos de interés anunciado por el equipo multidisciplinar de [www.Pladesmapesga.com](http://www.Pladesmapesga.com) [www.accionytransparenciapublica.com](http://www.accionytransparenciapublica.com) y por si pudiera ser de utilidad, nos remitimos a los múltiples artículos y comunicados emitidos por la entidad de referencia."*

II.- En data de 15 de marzo de 2017 solicítase información en relación ao apartado segundo da citada solicitude relativo ao: *"Informe de cada compatibilidad de letrados de la Xunta de Galicia actualmente en vigor, en el que se precise la fecha en la que se concedió y actividades que se autorizan"* á Oficina de Incompatibilidades e Boas prácticas, dependente da Dirección Xeral de Función Pública, por ser o órgano competente encargado da xestión das citadas autorizacións (artigo 22 do Decreto 101/2014, de 1 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda).



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
A Coruña  
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896  
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

III.- Na mesma data de 15 de marzo de 2017 recíbese contestación da Oficina de Incompatibilidades e boas prácticas indicando aqueles letrados que no momento actual teñen concedido algunha autorización de compatibilidade.

IV.- En data de 16 de marzo de 2017 por parte da Dirección Xeral resolveu dar traslado ás persoas afectadas respecto da información relativa ao segundo apartado da solicitude de acceso ao abeiro do disposto no artigo 27.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, aos efectos de que no prazo de quince días puideran presentar as alegacións que consideraran oportunas.

V.- En data de 16 de marzo de 2017 comunicase ao interesado a suspensión do prazo para resolver ata que se reciban as correspondentes alegacións ou o transcurso do prazo concedido para a súa presentación.

VI.- En data de 6 de abril de 2017 recibíronse nesta Dirección Xeral as alegacións do letrado ao que se remitiu a solicitude de acceso á información, de acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

**Primeira.** De acordo co disposto no artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, no ámbito do sector público autonómico, a competencia para a resolución das solicitudes de acceso á información pública corresponderalle á persoa titular da secretaría xeral, da secretaría xeral técnica, da dirección xeral ou da delegación territorial no caso da Administración xeral da Comunidade Autónoma e a persoa titular dos órganos de governo ou executivos das entidades instrumentais do sector público que posean a información.

Por conseguinte, esta Dirección xeral será competente para resolver as solicitudes de acceso respecto daquela información pública que posea.

**Segunda.** O artigo 24.1 da mencionada Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece o dereito da cidadanía a acceder á información pública nos termos previstos na normativa básica en materia de transparencia. Esta normativa foi aprobada por Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo (en diante LTAIBG)

De acordo co citado precepto legal: "*Enténdese por información pública os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións*"

**Terceira.-** De acordo co disposto no artigo 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo:



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
A Coruña  
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896  
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

*“1. O dereito de acceso á información pública só poderá ser limitado ou denegado nos supostos previstos na normativa básica.*

*Naqueles casos en que a aplicación dalgunha limitación non afecte a totalidade da información, e sempre que sexa posible, concederase o acceso parcial, omitindo a información afectada pola limitación, agás que a información resultante sexa equívoca ou carente de sentido.*

*2. As limitacións deberán ser proporcionadas atendendo ao seu obxecto e á súa finalidade de protección. En todo caso, deberanse interpretar de maneira restritiva e xustificada, e aplicaranse a menos que un interese público ou privado superior xustifique a divulgación da información.*

*3. As limitacións ao derecho de acceso só serán aplicables durante o período de tempo determinado polas leis ou mentres se manteña a razón que as xustifique”.*

Así mesmo, o artigo 15 da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro (en diante LTAIBG) dispón que:

*“1. Si la información solicitada contuviera datos especialmente protegidos a los que se refiere el apartado 2 del artículo 7 de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, el acceso únicamente se podrá autorizar en caso de que se contase con el consentimiento expreso y por escrito del afectado, a menos que dicho afectado hubiese hecho manifiestamente públicos los datos con anterioridad a que se solicitase el acceso.*

*Si la información incluyese datos especialmente protegidos a los que se refiere el apartado 3 del artículo 7 de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, o datos relativos a la comisión de infracciones penales o administrativas que no conlleven la amonestación pública al infractor, el acceso sólo se podrá autorizar en caso de que se cuente con el consentimiento expreso del afectado o si aquél estuviera amparado por una norma con rango de Ley.*

*2. Con carácter general, y salvo que en el caso concreto prevalezca la protección de datos personales u otros derechos constitucionalmente protegidos sobre el interés público en la divulgación que lo impida, se concederá el acceso a información que contenga datos meramente identificativos relacionados con la organización, funcionamiento o actividad pública del órgano.*

*3. Cuando la información solicitada no contuviera datos especialmente protegidos, el órgano al que se dirija la solicitud concederá el acceso previa ponderación suficientemente razonada del interés público en la divulgación de la información y los derechos de los afectados cuyos datos aparezcan en la información solicitada, en particular su derecho fundamental a la protección de datos de carácter personal.*



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
A Coruña  
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896  
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

*Para la realización de la citada ponderación, dicho órgano tomará particularmente en consideración los siguientes criterios:*

- a) El menor perjuicio a los afectados derivado del transcurso de los plazos establecidos en el artículo 57 de la Ley 16/1985, de 25 de junio, del Patrimonio Histórico Español.*
- b) La justificación por los solicitantes de su petición en el ejercicio de un derecho o el hecho de que tengan la condición de investigadores y motiven el acceso en fines históricos, científicos o estadísticos.*
- c) El menor perjuicio de los derechos de los afectados en caso de que los documentos únicamente contuviesen datos de carácter meramente identificativo de aquéllos.*
- d) La mayor garantía de los derechos de los afectados en caso de que los datos contenidos en el documento puedan afectar a su intimidad o a su seguridad, o se refieran a menores de edad.*

*4. No será aplicable lo establecido en los apartados anteriores si el acceso se efectúa previa disociación de los datos de carácter personal de modo que se impida la identificación de las personas afectadas.*

*5. La normativa de protección de datos personales será de aplicación al tratamiento posterior de los obtenidos a través del ejercicio del derecho de acceso.”*

**Cuarta.-** Unha vez analizada a solicitude e a súa motivación, e ponderadas as alegacións presentadas no procedemento, compre sinalar o seguinte respecto da información solicitada en cada un dos seguintes apartados:

A) Respecto á solicitude de petición sobre a “Relación completa y actualizada de quienes formen parte del cuerpo de letrados de la Xunta de galicia y su Asesoría Jurídica, se encuentren en activo, o en excedencia, todos los que tengan concedida cualquier tipo de compatibilidad”, debe terse en conta que pola súa redacción parece pretenderse que se faciliten os datos identificativos (nome e apelidos) de todo o persoal pertencente á escala de letrados.

Debe terse en conta que neste caso, polo contexto da petición, o acceso a estes datos identificativos do persol afectado non aparece relacionado coa “organización, funcionamento ou actividade pública do órgano”, como expresa o número 2 do artigo 15 da LTAIBG, dado que simplemente se solicita un listado de todo o persoal letrado con independencia da súa situación en activo ou excedencia e, polo tanto, con desconexión total das súas funcións, participación en concretos asuntos públicos e , en xeral, do funcionamento ou actividade da Asesoría Xurídica Xeral.

Así mesmo, debe ponderarse que pese a que o interesado indica que *a súa solicitud forma parte del proyecto de investigación de conflictos de interés*, que se di anunciado por



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
A Coruña  
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896  
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

determinadas páxinas web, a realizar, ao parecer, por un “equipo multidisciplinar”, entendemos que esta mera alegación non pode reconducirse ao suposto legal de “*justificación por los solicitantes de su petición en el ejercicio de un derecho o el hecho de que tengan la condición de investigadores y motiven el acceso en fines históricos, científicos o estadísticos*” (artigo 15.3.b LTAIBG).

Polo indicado, atendendo ao disposto na lexislación de protección de datos de carácter persoal e o perxuízo dos dereitos do persoal letrado afectado, non se facilitarán os datos identificativos (nomes e apelidos) de todos os letrados. Entendemos, en concreto, que a petición de acceso a todos estes datos persoais, sen conexión concreta coa organización, funcionamento ou actividade pública da Asesoría Xurídica Xeral pode entenderse formulada con carácter abusivo, non xustificada coa finalidade de transparencia da Lei (artigo 18.1.e) da LTAIBG). Como ven a indicar neste punto o escrito de alegacións recibido polo letrado ao que se deu traslado da solicitude de información, non parece que o dereito de acceso á información en poder da administración conlleve o dereito a obter un listado patronímico dun conxunto de empregados públicos, con desconexión, repetimos, da súa participación concreta nun asunto ou asuntos administrativos.

Compre sinalar tamén que a Asesoría Xurídica Xeral non conta cun rexistro específico de persoal propio, centralizándose toda a información do seu persoal no servizo de Recursos Humanos e Réxime interior, adscrito á Vicesecretaría xeral da Consellería de Presidencia, Administracións públicas y xustiza de acordo co disposto no Decreto 72/2013, de 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e xustiza.

De todos modos, aos efectos de facilitar a información requirida que poida servir de utilidade á finalidade indicada polo interesado, e de acordo coa información recabada do servizo indicado, poden ofrecerse os seguintes datos sobre o número de letrados pertencentes a escala de Letrados da Xunta de Galicia que se atopan en activo así como aqueles que solicitaron algúun tipo de excedencia (voluntaria, por prestación de servizos no sector público, por incompatibilidade). Así mesmo, dase tamén traslado de información doutras situacións administrativas nas que se atopan outros letrados:

- Número de letrados que forman parte do Corpo de letrados da Xunta de Galicia actualmente en activo: 50
- Número de letrados que forman parte do Corpo de letrados da Xunta de Galicia en situación de excedencia :
  - Excedencia voluntaria por interese particular: 4
  - Excedencia por prestación de servizos no sector público: 2



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
A Coruña  
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896  
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

-Excedencia voluntaria por incompatibilidade: 6

- Número de letrados que forman parte do Corpo de letrados da Xunta de Galicia en servizos especiais: 10
- Número de letrados que forman parte do Corpo de letrados da Xunta de Galicia en servizo noutras Administracións Públicas: 3

B) Respecto á solicitude de petición sobre: "*Informe de cada compatibilidade de letrados de la Xunta de Galicia actualmente en vigor, en el que se precise la fecha en la que se concedió y actividades que se autorizan*"

Tendo en conta o disposto no artigo 19.4 da lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso a información pública e bo governo, procedeuse á solicitude de información á Oficina de Incompatibilidades e boas prácticas, dependente da Dirección xeral de Función Pública, posto que é o órgano competente encargado da xestión das citadas autorizacións (Decreto 164/2015, de 13 de novembro, polo que se modifica o Decreto 101/2014, de 1 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda).

En resposta a tal solicitude a Oficina de Incompatibilidades e boas prácticas informou da compatibilidade recoñecida a un letrado da Xunta de Galicia.

Así, o oficio recibido expresa que o letrado "*con data de 6 de novembro de 2015*", "*ten autorizada a compatibilidade entre as seguintes actividades públicas:*

**"ACTIVIDADE PUBLICA PRINCIPAL: FUNCIONARIO DO CORPO SUPERIOR DA XUNTA DE GALICIA , ESCALA DE LETRADOS, ASESOR XURIDICO NA ASESORIA XURIDICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE, EN SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)**

**ACTIVIDADE PUBLICA SECUNDARIA: PROFESOR ASOCIADO, T3- P6, NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA"**

Polo tanto, actualmente consta só un letrado con autorización de compatibilidade.

O letrado indicado, no seu escrito de alegacións e á vista da solicitude do interesado, manifesta a súa oposición a que se lle faciliten os datos identificativos dos letrados e solicita que se dea traslado soamente do número de rexistro de persoal.

No obstante, compre recordar que de acordo co artigo 8.1 g) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, atopase publicado no Portal de Transparencia e Bo governo de Galicia, información respecto das resolucións de autorización ou recoñecemento de compatibilidade dos empregados públicos dependentes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Asesoría Xurídica Xeral

Edificio administrativo de San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
A Coruña  
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896  
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Polo tanto, ponderadas as alegacións do solicitante e do letrado interesado, tendo en conta a publicidade legal activa de que son obxecto estes datos, esta dirección xeral da traslado ao solicitante das iniciais do nome e apelidos do letrado: R.A.M.C.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, conforme ao disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo da interposición de reclamación potestativa perante o Valedor do Pobo no prazo dun mes, en virtude do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Santiago de Compostela, a 6 de abril de 2017.

O Director Xeral da Asesoría Xurídica  
Manuel Pillado Quintáns.



D. MIGUEL ANGEL DELGADO GONZÁLEZ.

C/ JUAN CASTRO MOSQUERA NUM 28 2º. D

15005 A CORUÑA



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



[info@comisiondatransparencia.gal](mailto:info@comisiondatransparencia.gal)



[www.comisiondatransparencia.gal](http://www.comisiondatransparencia.gal)

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Data: 22/12/2017 11:38:47  
14072/17  
SAIDA

D. Miguel A Delgado González  
(Plataforma en Defensa del Sector Marítimo  
Pesquero de Galicia – PLADESEMAPESGA)  
R/Juan Castro Mosquera nº28, 2º dereita  
15 005 A CORUÑA

**Reclamante:** Rafael Álvaro Millán Calenti  
**Expediente RSCTG 48/2017**  
**[abogados@aristeiaabogados.com](mailto:abogados@aristeiaabogados.com)**

## **ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo**

En resposta á reclamación presentada por Rafael Álvaro Millán Calenti, representado por D. José Antonio Montero Vilar, mediante escrito do 5 de maio de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** D. Miguel A. Delgado González presentou, mediante escrito con entrada no rexistro da Xunta de Galicia o día 14 de febreiro de 2017, unha solicitude de acceso á información pública, en representación de PLADESEMAPESGA ao amparo do disposto no artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, para recibir información sobre os letrados e letradas da Xunta de Galicia e as compatibilidades concedidas pola administración. Con data de 16 de marzo de 2017 suspéndese o prazo para resolver a solicitude de acceso á información pública presentada por PLADESEMAPESGA para darrle traslado ao agora reclamante, funcionario do corpo de letrados cunha compatibilidade en vigor.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



[www.comisiondatransparencia.gal](http://www.comisiondatransparencia.gal)

Con data de 6 de abril de 2017 o agora reclamante realizaba unhas alegacións nas que indicaba que se descoñecía o interese que puidese ter o solicitante “*xa que non mantemos absolutamente ningunha relación persoal ou profesional co mesmo*”, tamén manifestaba que tendo en conta o dereito prevalente á protección de datos procede “*coidarse que a que se entregue sexa relevante para a participación e control do funcionamento da Administración autonómica por parte do peticionario*”, indicando que lle parece suficiente con referirse ao número de rexistro de persoal evitando un listado antropónímico ou patronímico individualizado facilitado pola propia administración. Entendía igualmente que “*en ningún caso se debe facilitar información que afecte a intereses de todos e cada un dos letRADOS, sen consentimento dos mesmos, tendo en conta ademais o disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal*”.

Con data de 6 de abril de 2017 a Dirección Xeral da Asesoría Xurídica, resolve con estimación parcial o acceso, dando, entre outros, datos varios que se corresponden coa compatibilidade da persoa que agora reclama.

A resolución é notificada ao letrado da Xunta e recibida o 7 de abril de 2017.

O 5 de maio de 2017, José Antonio Montero Vilar, en nome e representación de Rafael Millán Calenti, diríxese á Comisión da Transparencia coa seguinte reclamación “*a estimación da reclamación que formulamos e de acordo cos argumentos que figuran no presente escrito e en contra do manifestado na Resolución da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral sobre a solicitude de acceso á información pública, e se anule e declare nulo o referido acto administrativo de información resolución da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica de 6 de abril de 2017.*

**Segundo.** Con data de 10 de maio de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegue informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 18 de maio de 2017.

**Terceiro.** Con data de 6 de xuño de 2017 recibiuse o informe e o expediente íntegro.

**Cuarto.** Na sesión XV, celebrada o día 5 de outubro de 2017, pola Comisión da Transparencia acordouse que o expediente RSCTG 48/2017, se retirase da sesión co fin de que “se proceda a identificar a terceiros interesados e darlle aos mesmos o trámite de audiencia previsto nos artigos 22.4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e a disposición adicional cuarta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro”.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

**Quinto.** O 11 de outubro de 2017 se lle notificou ao reclamante que se procedía a apertura dun trámite a terceiro interesado ante un recurso potestativo de acceso á información pública. A recepción do oficio foi o 18 de outubro de 2017.

**Sexto.** O mesmo 11 de outubro se notificaba ao terceiro a apertura dun trámite de audiencia tendo en conta que o procedemento administrativo dos artigos 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e o artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro prevén que se a denegación do acceso á información se fundamenta na protección de intereses de terceiros, outorgarase trámite de audiencia ás persoas que puideran resultar afectadas para que aleguen o que ao seu dereito conveña. A recepción do oficio foi o 16 de outubro de 2017.

**Sétimo.** O terceiro non fai alegacións, mais o reclamante neste expediente dirixe un escrito recibido o 3 de novembro, mais selado en correos con data do 31 de outubro de 2017 co seguinte alegato; a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de Carácter Persoal, establece que o obxecto desta Lei é garantir e protexer no que concerne ao tratamento dos datos persoais, (...) e especialmente a intimidade persoal. Solicitando que o que se achegue sexa relevante para o control do funcionamento da administración por parte do peticionario, indicando que sería suficiente facilitar como moito o número de rexistro de persoal dos letrados e letradas.

O terceiro interesado entende que ao tratarse dunha lei orgánica debe prevalecer sobre contido da Lei de transparencia: debéndose preservar, na medida do posible, o derecho á intimidade dos letrados/as da Xunta de Galicia; e para poder preservar que a información que se facilita sexa veraz, correcta e pertinente, debe entregarse coas garantías inherentes, non só ao fomento da transparencia, senón tamén co derecho prevalente, á protección de datos de carácter persoal.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo á que se remiten as anteriores.

### Primeiro.- Competencia

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que, contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo.



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



info@comisiondatransparencia.gal



www.comisiondatransparencia.gal

O artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, indica que corresponde á Comisión da Transparencia a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece que , contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esta mesma lei, na súa disposición adicional cuarta establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas, por tanto as competencias nas materias que corresponden á Administración Xeral do Estado son sempre competencia do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno.

## **Segundo.- Exercicio do dereito de acceso á información pública**

O artigo 17.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro establece que o procedemento para o exercicio do dereito de acceso se iniciará coa presentación da correspondente solicitude, que deberá dirixirse ao titular do órgano administrativo ou entidade que posúa a información.

## **Terceiro.- Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno preceptúa que o seu procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, para as reclamacións perante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, pola súa parte, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

## **Cuarto.- Análise do expediente**

Non se pode entrar no fondo do asunto dado que tras a revisión do o informe, o expediente e as alegacións detéctase que o agora reclamante non exercitou o seu dereito de acceso á información pública, senón que solicita á Comisión que se anule ou modifique a Resolución da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica ante a solicitude de información pública de



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



info@comisiondatransparencia.gal



www.comisiondatransparencia.gal

PLADESEMAPESGA RSCTG 39/2017, para un dato, as compatibilidades que son obxecto de publicidade activa.

A reclamación formulada á Comisión da Transparencia non entra dentro das competencias que os artigos 33 e 32 atribúen ao Valedor do Pobo como Comisión da Transparencia nin como Comisionado da Transparencia.

Tal como di o informe da Asesoría Xurídica “*De acordo coa normativa básica e autonómica en materia de transparencia, a publicidade activa e odereito de acceso á información son dúas caras da mesma realidade: a transparencia da actividade pública.*

*Se ben, tal como xa sinalou o CTBG, compre salientar o diferente fundamento xurídico no cal se sustentan un e outro concepto. Nun caso se configura coma unha obriga das institucións e Administracións Públicas (a publicidade activa), mentres que noutro caso -o acceso á información ou transparencia pasiva- se configura coma un dereito das persoas, baseado no artigo 105 b) da Constitución.*

*En ambos casos a finalidade da transparencia é garantir que os cidadáns coñezan a organización e o funcionamiento das institucións públicas.”.*

Pois ben, o capítulo II da Lei 19/2013, do 9 de decembro, recolle no artigo 8 1. g) que deben facerse públicos as resolucións de autorización ou recoñecemento de compatibilidade que afecten aos empregados públicos así como as que autoricen o exercicio de actividade privada ao cese dos altos cargos da Administración Xeral do Estado ou asimilados segundo a normativa autonómica ou local. Este capítulo obriga as Administracións Públicas a publicar as resolucións de autorización de compatibilidade.

#### **Quinto.-**

En conclusión procede inadmitir a reclamación presentada por José Antonio Montero Villar, en representación de Rafael Álvaro Millán Calenti, por tratarse dunha petición na que esta comisión carece de competencias ao atribuírse a este órgano a declaración de anulabilidade ou nulidade dunha resolución administrativa na que se lle citou, como terceiro afectado e en relación a unha materia que é obxecto de publicidade activa, polo que de existir algúun impedimento para a súa difusión xa debería ter sido manifestado polo terceiro no momento de facer a solicitude de compatibilidade e non durante a solicitude de acceso a información.

A Comisión da Transparencia, en atención aos anteriores antecedentes e fundamentos xurídicos,



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

## ACORDA

Inadmitir a reclamación presentada por José Antonio Montero Villar, en representación de Rafael Álvaro Millán Calenti con data de 5 de maio de 2017, por carecer de competencias para declarar a anulabilidade ou nulidade dunha reclamación administrativa emitida pola Xunta de Galicia para informar sobre unha compatibilidade que é obxecto de publicidade activa.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.2 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

  
Milagros Otero Parga

Comisión da  
transparencia  
de Galicia